Concello de Outes

TEMPO DE NADAL 2026-2027

O Concello de Outes, a través do CIM (Centro de Información ás Mulleres) ofrécelles ás familias con menores de idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos, o servizo de conciliación "Tempo de Nadal" 2026-2027, que forma parte doprograma "Outes Concilia". Desenvolverase os **días 22, 23, 24, 28 , 29, 30 e 31 de decembro 2026 e 4, 5 e 7 de xaneiro de 2027, en horario de 8:00 a 16:00 horas,** no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

A inscrición permanecerá aberta desde as 9:00 horas do **luns 23 de novembro ata** as 15.00 horas **do** xov**es 3 de decembro. Prazas limitadas.**

As solicitudes poden **presentarse de xeito telemático**, a través da sede electrónica do Concello de Outes (https://outes.sedelectrónica.gal), **ou** de xeito **presencial** no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Entenderanse presentadas no rexistro onde figure cuberto o modelo de inscrición normalizado. **Deberán presentarse de xeito individual, unha solicitude de inscrición por cada menor ao que se lle asignará un número de rexistro**. No caso de máis dunha solicitude nun único rexistro, este só será válido para a inscrición da/do primeiro menor.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Coa solicitude de inscrición, débese achegar o formulario de consentimento para o tratamento de datos persoais CIM, servizos do programa "Outes Concilia". Ambas debidamente cubertas e asinadas xunto coa documentación complementaria.

Documentación complementaria, sempre que non estea en poder do Concello de Outes, se xa consta, comunique o expediente no que figura:

1. Copia do DNI das persoas responsables da/do menor

2. Fotocopia do libro de familia ou copia do certificado de nacemento.

Concello de Outes

3. Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor.

4. Declaración acreditativa dos criterios para a adxudicación das prazas: informe social, acreditación de familia monoparental, familia numerosa, vítima de violencia dexénero; copia da sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou do convenio regulador; sentenzas e/ou documentos acreditativos da custodia, resolución de acollemento familiar… da/do menor, certificación de empresa ou da institución correspondente, así como outra documentación que xustifique ditos criterios.

Documentación relacionada cos datos de saúde da/do menor, de ser o caso.

O persoal técnico responsable do servizo, unha vez analizadas e aceptadas as solicitudes, contactará coa persoa solicitante para requirir a documentación complementaria ou adicional que se precise, e disporá de tres días hábiles para achegala.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

USO DO SERVIZO:

As familias poderán facer uso deste servizo de conciliación de forma fixa ou ocasional (días soltos) en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexible.

Para un bo desenvolvemento das actividades diarias programadas, recoméndaseque en caso de que non se faga uso do horario completo, **a incorporación** ao servizo sexa **sobre as 10:00 h e a saída a partir das 13:30 h.** As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, para iso é preciso comunicalo previamente e achegar os alimentos en termos ou neveiras.

PREZO PÚBLICO:

O prezo público de “Tempo de Nadal” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **30 €**, podendo ser utilizado por un importe de **6 € por día e servizo**.

Concello de Outes

EXENCIÓN E BONIFICACIÓN:

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.-Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundoirmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.

Máis información no CIM de Outes, en horario laboral de 9:00 a 14:00 horas,

número de teléfono 981850949.